



III CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL

“NADAL NAS RÚAS”

Bases do concurso

1. Poderán participar no concurso todas e todos @s veciñ@s da Rúa que o desexen.
2. A inscrición no concurso é gratuíta e se levará a cabo presentando o formulario de inscrición dispoñíbel **nas oficinas do Concello da Rúa, nas oficinas de AEVA** ou completando o formulario habilitado nas **páxinas web do Concello (www.arua.gal)** e de **AEVA (www.empresariosdevaldeorras.com)** ate o día **23 de Novembro** ás 19:00 horas non aceptándose inscricións posteriores a esa data.
3. As rúas estarán engalanadas, como mínimo, **desde o día 5 de Decembro de 2015 ate o 6 de Xaneiro de 2016.**
4. A decoración das rúas – adornos en árbores, luminarias, macetas, fachadas... gardará relación coas festas do Nadal e Aninovo, tendo @s participantes total liberdade en canto á técnica e o estilo.
5. Os elementos decorativos empregados non poderán causar ningún perigo nin perxuízo para as persoas e os bens.
6. Caso de usar materiais decorativos luminosos, se fose precisa a conexión ao alumeado público, o Concello poderá colaborar na instalación, previa solicitude por parte d@ participante sempre e cando este último se comprometa a ter os materiais decorativos a disposición d@s operari@s municipais, para a súa instalación, o día 27 de Novembro de 2015.



7. O xurado estará formado por dous representantes do Concello da Rúa, dous representantes de AEVA e un representante da prensa comarcal.
8. O xurado emitirá a súa resolución o día 8 de Xaneiro de 2016. A organización poñerá en contacto cos gañadores ou gañadoras.
9. O fallo será inapelábel.
10. Para a valoración das rúas participantes o xurado valorará: deseño, orixinalidade, iluminación, temática, modernidade e innovación.
11. Establécense un primeiro premio de 150 € e un segundo premio de 100 €. O custe dos premios será asumido polo Concello da Rúa.
12. A organización comprométese a non ceder a terceiros, baixo ningunha circunstancia, os datos persoais d@s participantes. Limitándose, en todo caso, a usalos para contactar con eles sobre temas referentes ao transcurso do certame ou informalos de actividades posteriores.
13. A participación neste concurso supón a plena aceptación das bases. A organización resolverá sobre todas as cuestións non previstas nestas bases e poderá declarar deserto o premio se, a criterio do xurado, as decoracións presentadas non cumpren cos criterios establecidos nas presentes bases.

A Rúa, 13 de Novembro de 2015